



RESOLUCIÓN da Comisión de Selección pola que se aproban e se fan públicas, a relación provisional de persoas admitidas xunto co baremo, a relación do persoal excluído e a adxudicación provisional correspondente ao concurso específico de méritos para a cobertura, en réxime de comisión de servizos, postos de escolarización de alumnado de atención preferente, convocado pola Orde do 16 de maio de 2024 (DOG núm. 101, do 27 de maio) (código de procedemento ED013B)

Pola Orde do 16 de maio de 2024 convocouse concurso específico de méritos entre persoal funcionario de carreira e en prácticas do corpo de mestres, para cubrir, en réxime de comisión de servizos, postos de escolarización de alumnado de atención preferente (DOG núm. 101, do 27 de maio) (código de procedemento ED013B).

A base undécima establece que a Comisión de Selección comprobará os requisitos de participación, a valoración dos méritos así como como ditar a resolución pola que se aproba e se publica, no portal da internet da Consellería, [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal), a relación provisional de persoas admitidas xunto co baremo provisional, a proposta de adxudicación provisional, así como daquelas que se exclúen provisionalmente, coa causa de exclusión

En consecuencia, esta Comisión de Selección

## RESOLVE

**Primeiro.** Aprobar e facer pública, no portal da Internet desta consellería [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal), a adxudicación provisional das prazas do concurso de méritos específico (Anexo I)

**Segundo.** Aprobar e facer pública o baremo provisional das persoas participantes no concurso específico (Anexo II).

**Terceiro.** Aprobar e facer pública a relación provisional de persoas excluídas e as causas de exclusión da participación no concurso de méritos específico (Anexo III) .

**Cuarto.** De conformidade coa base décimo segunda, as persoas aspirantes poderán presentar as reclamacións contra a citada resolución provisional que coiden convenientes dirixidas a esta Comisión de Selección, no prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación no portal, por medios electrónicos, mediante o trámite “Alegacións” activado para estes efectos no procedemento normalizado ED013B.

**Quinto.** Así mesmo o persoal concursante poderá presentar renuncia de participación no concurso por medios electrónicos mediante o trámite “Renuncia” activado para este efecto no procedemento normalizado ED013B, no prazo de cinco (5) días hábiles, contados desde o día seguinte á publicación da dita resolución na páxina web desta consellería. Esta renuncia afectará a todas as peticións consignadas na súa solicitude de participación e producirá os efectos previstos no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As persoas que desexen renunciar á súa participación no concurso deberán realizar a renuncia aínda no suposto de que non obteñan destino na resolución provisional, xa que, de non o faceren, poderán obter destino na resolución definitiva, cos efectos previstos na base décimo cuarta da citada orde, relativa á resolución definitiva.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O presidente da Comisión de Selección

José Carlos Barros Pardo

